

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

13360 *Real decreto 1072/2014, do 19 de decembro, polo que se crea a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria e se aproba o seu estatuto.*

O transporte ferroviario é un sector estratéxico para España, polo seu impacto económico e a súa contribución á conectividade, á cohesión e á vertebración territorial.

Durante a presente lexislatura, púxose en marcha unha importante revisión do modelo organizativo do sector ferroviario, que vai culminar coa liberalización do mercado interior de viaxeiros e que supuxo a reorganización das empresas ADIF e Renfe Operadora. Dentro deste proceso, tamén se fai precisa unha readaptación dos órganos da Administración con competencias ferroviarias, que lle permita posicionarse adecuadamente dentro da nova configuración do sector, respondendo aos criterios establecidos na normativa comunitaria.

A Directiva 2004/49/CE, do 29 de abril de 2004, sobre a seguridade dos ferrocarrís comunitarios, dispón que, dentro do novo marco normativo común nesta materia, é necesario establecer en todos os Estados membros autoridades nacionais responsables da seguridade encargadas de regular e supervisar a seguridade ferroviaria. Para facilitar a súa cooperación a nivel comunitario deben asignárselles as mesmas tarefas e responsabilidades mínimas. As autoridades nacionais responsables da seguridade deben dispoñer dun alto grao de autonomía e executar as súas tarefas de maneira aberta e non discriminatoria para que poidan contribuír á creación dun sistema ferroviario único europeo e cooperar para coordinar os seus criterios decisivos.

Por tanto, o cumprimento do obxectivo esencial da mellora continua da seguridade no transporte ferroviario favorecerase coa creación dunha axencia estatal que dispoña de autonomía e flexibilidade na súa xestión e que, ao mesmo tempo, estea suxeita ao control de eficacia e á responsabilidade polo cumprimento dos seus fins.

A Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, na súa redacción orixinal, prevía, na súa disposición adicional terceira, a creación da Axencia Estatal de Seguridade de Transporte Terrestre, para a detección, análise e avaliación dos riscos de seguridade nos transportes terrestres de competencia estatal, así como para o exercicio das funcións de inspección e supervisión da seguridade do sistema ferroviario, tanto en relación coas infraestruturas como coa operación ferroviaria, nos ámbitos de competencia estatal.

A Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, estableceu na súa disposición adicional octoxésimo sexta «Creación de axencias estatais» que, dentro da regra xeral de prohibición de novas axencias estatais, se exceptúe a creación da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, como mostra da grande importancia concedida á mellora permanente nos niveis da seguridade.

Posteriormente, a través do Real decreto lei 1/2014, do 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transporte, e outras medidas económicas, modificouse o parágrafo quinto do número 1 da disposición adicional terceira da Lei 28/2006, co fin de cambiar o nome e as competencias da Axencia Estatal de Seguridade do Transporte Terrestre, que pasa a denominarse Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, para dar cumprimento aos requirimentos da Comisión Europea, sobre independencia do organismo de seguridade ferroviaria, coa maior celeridade e responder mellor ás necesidades do sector.

O presente real decreto, en desenvolvemento do previsto na dita lei, culmina o proceso de constitución da autoridade responsable da seguridade ferroviaria en España como un organismo independente ao dotala de personalidade xurídica propia. Ao mesmo tempo, aprovéitase da experiencia da Dirección Xeral de Ferrocarrís en materia ferroviaria e de seguridade ao supoñer unha transformación da actual dirección xeral, que tiña asignadas estas competencias ata agora.

Este real decreto consta dun único artigo, aprobatorio do estatuto, seis disposicións adicionais, catro disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira determina a data de constitución efectiva da Axencia.

A continuación, mediante a disposición adicional segunda lévase a cabo a supresión de órganos da antiga Dirección Xeral de Ferrocarrís.

A disposición adicional terceira determina a integración de persoal da Dirección Xeral de Ferrocarrís na Secretaría Xeral de Infraestruturas do Ministerio de Fomento ou na Axencia, segundo exerzan competencias de planificación e regulación do sector ferroviario ou non, e prevé que mediante resolución da Subsecretaría de Fomento se concrete o persoal suxeito á dita integración.

A disposición adicional cuarta determina o modo de integración de persoal da Dirección Xeral de Ferrocarrís na entidade pública empresarial administradora de infraestruturas ferroviarias ou na entidade ADIF Alta Velocidade.

A disposición adicional quinta refírese ao impacto orzamentario da creación da Axencia.

A disposición adicional sexta refírese ao patrimonio da Axencia e ao inventario de bens da futura Axencia.

No réxime transitorio, inclúense en primeiro lugar as disposicións relativas á prestación de servizos necesarios para garantir o exercicio temporal das funcións dos órganos da Dirección Xeral de Ferrocarrís ata a data da posta en funcionamento da Axencia. Así mesmo, dispónse que o Ministerio de Fomento siga prestando á Axencia os servizos comúns, ata que esta dispoña dos servizos propios necesarios para alcanzar a súa autonomía.

O réxime xurídico transitorio en materia de orzamentos, contratación e outros procedementos administrativos iniciados con anterioridade á creación da Axencia recóllese na disposición transitoria segunda; na terceira faise referencia ao primeiro exercicio económico da Axencia e na cuarta faise referencia ao contrato inicial de xestión.

A disposición derradeira primeira recolle as modificacións organizativas que afectarán o Real decreto 452/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Fomento e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.

A disposición derradeira segunda autoriza o ministro de Fomento para que dite cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do real decreto.

Finalmente, a disposición derradeira terceira fai referencia á entrada en vigor do real decreto.

O Estatuto estrutúrase en sete capítulos que recollen de forma ordenada os distintos aspectos que, de acordo coa Lei 28/2006, do 18 de xullo, debe conter o réxime estatutario dunha axencia estatal.

O capítulo I, «Disposicións xerais», está dedicado á natureza, ao réxime xurídico e ás potestades administrativas da Axencia.

De acordo coa autorización contida na disposición adicional terceira da Lei 28/2006, do 18 de xullo, o capítulo II determina o obxecto da Axencia e as súas competencias.

O capítulo III, «Xestión transparente por obxectivos», desenvolve os principios de diversos elementos da xestión: o contrato de xestión plurianual, o plan de acción, o informe de actividade anual e as contas anuais.

O capítulo IV, «Organización», determina os órganos de goberno, de control, executivos e operativos da Axencia, e establece as súas competencias e funcionamento.

A sección 1.^a regula a figura do presidente e do Consello Reitor como órganos de goberno da Axencia. O modelo de goberno da Axencia caracterízase por un presidente non executivo, que pola súa vez é o secretario xeral de Infraestruturas, como elemento esencial de coordinación entre ambos os órganos da Administración.

En canto á composición do Consello Reitor, optouse por un consello composto polo presidente, oito conselleiros designados por diferentes ministerios e un secretario con voz pero sen voto.

Previuse a existencia dunha comisión de control, de conformidade co establecido na Lei 28/2006, do 18 de xullo.

O director da Axencia é o órgano executivo da Axencia e o responsable da súa dirección e xestión ordinaria. O seu nomeamento correspóndelle ao Consello Reitor, por proposta do presidente, entre titulados superiores, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia.

A sección 3.^a detalla a estrutura dos órganos executivos e operativos, que na fase inicial de posta en funcionamento da Axencia, e de acordo co contexto orzamentario e de cara a facilitar a transición das competencias coa actual Dirección Xeral de Ferrocarrís, manteñen en gran medida a organización actual.

Nos capítulos V, VI e VII, «Réxime de persoal», «Réxime patrimonial, financeiro e contratación» e «Xestión económica e control», desenvólvense as regras establecidas pola Lei 28/2006, do 18 de xullo.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Fomento, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Creación da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria e aprobación do seu estatuto.*

1. En virtude da autorización prevista na disposición adicional terceira da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, e na disposición adicional octoxésimo sexta da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais para 2014, créase a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria. Para este fin apróbase o estatuto da dita axencia, cuxo texto se insire a seguir deste real decreto.

2. A Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria sucede o Ministerio de Fomento e, en particular, a Dirección Xeral de Ferrocarrís, nos fins, competencias e funcións atribuídas á Axencia no estatuto que se aproba por este real decreto.

Todas as mencións que calquera disposición conteña sobre o Ministerio de Fomento e a Dirección Xeral de Ferrocarrís, referidas ás competencias que o estatuto que se aproba por este real decreto lle atribúe á Axencia, se entenderán realizadas a esta.

Exceptúanse do anterior as competencias atribuídas directamente ao titular do Ministerio de Fomento.

3. O disposto neste real decreto efectuarase sen aumento de gasto público e non supoñerá incremento de dotacións para retribucións ou outros gastos de persoal.

Disposición adicional primeira. *Constitución efectiva.*

1. A efectiva posta en funcionamento da Axencia producirase o día 1 de abril de 2015 coa constitución do Consello Reitor. Na mesma sesión constitutiva nomearanse o director da Axencia, os titulares dos seus órganos e o seu persoal directivo.

2. A Axencia subrogarase en todos os dereitos e obrigas derivados de competencias da Dirección Xeral de Ferrocarrís e do Ministerio de Fomento que, en virtude do presente real decreto, se atribúan a aquela, e, en concreto, nos contratos, convenios, encomendas e encargos perfeccionados no ámbito de competencias asignadas á Axencia.

Disposición adicional segunda. *Supresión de órganos.*

Na data de constitución efectiva da Axencia queda suprimida a Dirección Xeral de Ferrocarrís e os seguintes órganos dependentes dela:

- a) A Subdirección Xeral de Planificación e Proxectos.
- b) A Subdirección Xeral de Construción.
- c) A Subdirección Xeral de Coordinación Ferroviaria.

Disposición adicional terceira. *Integración do persoal na Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria e na Secretaría Xeral de Infraestruturas.*

1. De conformidade co establecido na disposición adicional octoxésimo sexta da Lei 22/2013, do 23 de decembro, a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria dotarase, exclusivamente, mediante a incorporación de efectivos do Ministerio de Fomento, dos seus organismos e das entidades públicas relacionados coas funcións dela.

2. O persoal funcionario que ata a posta en funcionamento da Axencia ocupaba os postos comprendidos na relación de postos de traballo da Dirección Xeral de Ferrocarrís pasará a integrarse nese momento na Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria coa mesma situación, antigüidade e grao que teña, e quedará na situación de servizo activo no seu corpo ou escala de procedencia.

3. O persoal laboral integrarase nas mesmas condicións previstas no punto anterior, e a Axencia subrogarase nos contratos de traballo suxeitos a dereito laboral, nos seus propios termos e sen ningunha alteración das súas condicións.

4. Quedará exceptuado da integración prevista nos parágrafos anteriores o persoal, funcionario ou laboral, que se integre na Secretaría Xeral de Infraestruturas para o exercicio das competencias a que se refire a disposición derradeira primeira, punto catro, e o persoal funcionario a que se refire a disposición adicional cuarta, ambas as dúas deste real decreto.

5. Mediante resolución da Subsecretaría de Fomento determinarase o persoal funcionario e laboral que se integra na Axencia e na Secretaría Xeral de Infraestruturas, respectivamente, de acordo co previsto nos puntos anteriores desta disposición.

6. A incorporación á Axencia de persoal laboral fixo do resto de organismos e entidades públicas do Ministerio de Fomento que teña relación coas funcións que asume a Axencia realizarase, de ser o caso, mediante orde do Ministerio de Fomento, logo de autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, respectando globalmente as súas condicións retributivas dentro do marco xurídico de aplicación.

Disposición adicional cuarta. *Integración do persoal da Dirección Xeral de Ferrocarrís en ADIF e ADIF Alta Velocidad.*

Os funcionarios en activo con destino na Dirección Xeral de Ferrocarrís que estean desenvolvendo funcións vinculadas a contratos que van ser xestionadas polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias-Alta Velocidad poderán incorporarse como persoal laboral a algún destes entes públicos, por proposta do Ministerio de Fomento, logo da iniciativa das entidades públicas citadas e coa autorización previa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, quedando no seu corpo ou escala de orixe na situación de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, en réxime distinto ao de funcionario de carreira.

Disposición adicional quinta. *Impacto orzamentario.*

As medidas incluídas neste real decreto e o estatuto que na súa virtude se aproba efectuaranse sen incremento das asignacións orzamentarias de cada exercicio e non supoñerán incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional sexta. *Patrimonio da Axencia e inventario de bens.*

Pertencen ao patrimonio da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria para o cumprimento das súas funcións os bens mobles e inmobles que estean adscritos á Dirección Xeral de Ferrocarrís no momento da entrada en vigor deste real decreto e que correspondan ás funcións que se integran na Axencia.

A Axencia realizará o primeiro inventario dos bens que se lle adscriben e dos que poida adquirir para o inicio da súa actividade antes de que transcorra un ano desde a súa posta en funcionamento.

Disposición transitoria primeira. *Prestación de servizos.*

1. Os órganos da Dirección Xeral de Ferrocarrís continuarán transitoriamente no exercicio das súas funcións ata a data da posta en funcionamento da Axencia. Igualmente, os órganos da Axencia exercerán as funcións atribuídas polo Estatuto que se aproba mediante este real decreto a partir do día da posta en funcionamento desta.

2. Sen prexuízo da creación e posta en funcionamento da Axencia, o Ministerio de Fomento continuará prestando os servizos comúns necesarios para a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria ata que esta dispoña dos servizos propios para alcanzar a súa autonomía.

Disposición transitoria segunda. *Expedientes, obrigas, contratos e gastos.*

1. Os expedientes iniciados pola Dirección Xeral de Ferrocarrís con anterioridade á posta en funcionamento da Axencia e non resoltos na dita data, relativos a ámbitos de competencias asignadas á Axencia polo Estatuto que aproba este real decreto, serán resoltos polo órgano competente da Axencia de acordo coa atribución do exercicio de competencias establecida polo estatuto.

2. Os procedementos de gasto iniciados pola Dirección Xeral de Ferrocarrís e non finalizados, nas materias de competencia da Axencia, adaptarán a súa tramitación á normativa reguladora da Axencia e finalizaranse de acordo coa orde de competencias establecida polo estatuto.

3. Os expedientes iniciados pola Dirección Xeral de Ferrocarrís con anterioridade á posta en funcionamento da Axencia e non resoltos na dita data, relativos a ámbitos de competencias asignadas á Secretaría Xeral de Infraestruturas polo real decreto de modificación da estrutura do departamento a que se refire a disposición derradeira primeira deste real decreto, serán resoltos pola Secretaría de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda.

Disposición transitoria terceira. *Primeiro exercicio económico.*

Durante todo o exercicio 2015 non se alterará a estrutura orzamentaria vixente, e a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria desenvolverá a súa actuación de acordo co réxime orzamentario e de rendición de contas aplicable á Dirección Xeral de Ferrocarrís, nos termos previstos na Lei 22/2013, do 23 de decembro, e na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Todos os gastos necesarios para o funcionamento da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria se imputarán na forma e con cargo aos créditos previstos para a Dirección Xeral de Ferrocarrís.

Disposición transitoria cuarta. *Contrato inicial de xestión.*

Mentres non se aprobe o contrato inicial de xestión, a actuación da Axencia, incluída a ordenación de postos de traballo e a aprobación do seu orzamento, desenvolverase no marco da memoria aprobada e do plan inicial, á cal se refire o artigo 3 da Lei 28/2006, do 18 de xullo.

A vinculación ao contrato de xestión e ao sistema de avaliación do desempeño das previsións establecidas nos números 3 e 4 do artigo 33 sobre o complemento de produtividade non será efectiva ata a aprobación dos ditos instrumentos.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 452/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Fomento e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.*

Un. Engádense as alíneas h), i), j), k), l), m) e n) ao número 1 do artigo 3 do Real decreto 452/2012, do 5 de marzo:

h) A elaboración, seguimento, supervisión e control da planificación de infraestruturas ferroviarias na rede ferroviaria de interese xeral e dos correspondentes plans ferroviarios.

i) A elaboración, seguimento e control de estudos informativos, anteprojectos e, excepcionalmente, proxectos ferroviarios, a elaboración de proxectos de delimitación e utilización de espazos ferroviarios, así como a elaboración dos anteprojectos de orzamento.

j) As actuacións expropiatorias en materia de infraestruturas ferroviarias.

k) A tramitación dos proxectos de disposicións de carácter xeral relativos ás infraestruturas ferroviarias.

l) A representación do Ministerio de Fomento nos organismos internacionais e da Unión Europea relacionados coas infraestruturas ferroviarias, e a participación nos órganos de coordinación e xestión dos corredores ferroviarios europeos.

m) A preparación e o seguimento de protocolos, acordos e convenios sobre actuacións concertadas con outras administracións públicas en materia de infraestruturas ferroviarias, así como a coordinación e cooperación con outros órganos administrativos, entidades públicas e administracións en materia ferroviaria.

n) O control e seguimento da execución orzamentaria e dos contratos-programa coas entidades públicas ferroviarias adscritas ao departamento, sen prexuízo das competencias que nesta materia corresponden á Dirección Xeral de Transporte Terrestre respecto ás entidades públicas prestadoras de servizos de transporte ferroviario.

Dos. O número 2 do artigo 3 do Real decreto 452/2012, do 5 de marzo, queda redactado da seguinte forma:

«2. Da Secretaría Xeral depende o órgano directivo seguinte:

a) A Dirección Xeral de Estradas.»

Tres. O número 5 do artigo 3 do Real decreto 452/2012, do 5 de marzo, queda redactado da maneira seguinte:

«5. Depende directamente da Secretaría Xeral de Infraestruturas, co nivel orgánico que se determine na relación de postos de traballo, a División de Estudos e Coordinación de Investimentos en Infraestruturas, á cal lle corresponde o exercicio das funcións a que se refire o número 1.f), g), j) e n).»

Catro. O número 6 do artigo 3 do Real decreto 452/2012, do 5 de marzo, queda redactado da seguinte maneira:

«6. Depende directamente da Secretaría Xeral de Infraestruturas, con nivel orgánico de subdirección xeral, a Subdirección Xeral de Planificación Ferroviaria, á cal corresponde o exercicio das funcións a que se refire o número 1. h), i), k), l) e m).»

Cinco. O actual número 6 do artigo 3 do Real decreto 452/2012, do 5 de marzo, pasa a numerarse como 7 e mantén a súa redacción.

Seis. Engádesse un número 8 ao artigo 3 do Real decreto 452/2012, do 5 de marzo:

«8. A Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria está adscrita ao Ministerio de Fomento, a través da Secretaría Xeral de Infraestruturas.»

Sete. Suprímese o artigo 5 do Real decreto 452/2012 e, como consecuencia prodúcese unha modificación na numeración dos artigos 6 a 15, que pasarán a numerarse do 5 ao 14.

Oito. Dáse nova redacción á alínea d) do número 1 do artigo 9 do Real decreto 452/2012, do 5 de marzo (artigo 8 tras a numeración prevista no anterior número sete):

«d) O outorgamento de autorizacións e títulos habilitantes para a prestación dos servizos de transporte por ferrocarril ou estrada que resulten exixibles conforme a lexislación interna ou da Unión Europea, ou os convenios internacionais subscritos por España.»

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo e aplicación.*

Autorízase o ministro de Fomento para que dite cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo a disposición derradeira primeira, que entrará en vigor o día 1 de abril de 2015.

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ESTATUTO DA AXENCIA ESTATAL DE SEGURIDADE FERROVIARIA

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza xurídica da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria (en diante, a Axencia ou AESF) é un dos organismos públicos regulados pola Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos.

2. A Axencia ten personalidade xurídica diferenciada respecto da Administración xeral do Estado, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión e funcional, dentro dos límites establecidos pola Lei 28/2006, do 18 de xullo, e polo estatuto.

Dentro das competencias que este estatuto e, de ser o caso, outras normas lle atribúan, correspóndelle á Axencia o exercicio das potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins e funcións, de acordo coa lexislación aplicable.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

1. A Axencia réxese pola Lei 28/2006, do 18 de xullo, polo estatuto e, supletoriamente, polas normas aplicables ás entidades de dereito público adscritas á Administración xeral do Estado.

2. No exercicio das súas potestades públicas será de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. No exercicio das súas competencias en materia de seguridade, a Axencia rexerese pola Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e as normas que a desenvolven, así como polo dereito comunitario vixente en materia de seguridade ferroviaria.

A Axencia asume as potestades que a Lei 39/2003, do 17 de novembro, lle atribúe ao Ministerio de Fomento en materia sancionadora e supervisora en materia de seguridade, nos termos establecidos no presente estatuto.

Artigo 3. *Principios da actuación da Axencia.*

A Axencia guiarase polos seguintes principios de actuación:

- a) Independencia na súa actuación, respecto das funcións que ten asignadas en materia de seguridade do transporte ferroviario.
- b) Competencia e responsabilidade no desenvolvemento e aplicación das normas de seguridade ferroviaria nacionais e internacionais, así como no control dos procedementos.
- c) Promoción e difusión dunha cultura de seguridade ferroviaria en todos os ámbitos de actuación.
- d) Calidade, eficacia, eficiencia e transparencia no exercicio das súas funcións.

Artigo 4. *Disposicións e actos administrativos.*

1. A Axencia, no exercicio das súas competencias, poderá adoptar:

- a) Resolucións do presidente da Axencia.
- b) Resolucións do Consello Reitor.
- c) Resolucións, instrucións e protocolos de actuación do director da Axencia.

2. Os actos e resolucións ditados polo Consello Reitor, o presidente ou o director da Axencia no desenvolvemento de funcións públicas esgotarán a vía administrativa, excepto os ditados en materia tributaria, onde serán recorribles en vía económico-administrativa, sen prexuízo, en todos os casos, do posterior acceso á xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 5. *Asistencia xurídica.*

De conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 28/2006, do 18 de xullo, a asistencia xurídica da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria será desempeñada pola Avogacía do Estado no Ministerio de Fomento, sen prexuízo de que, no marco do que estableza o contrato de xestión e en función das necesidades da Axencia, se poida formalizar un convenio, nos termos previstos na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas.

Artigo 6. *Adscrición.*

A Axencia adscríbese ao Ministerio de Fomento a través da Secretaría Xeral de Infraestruturas.

Artigo 7. *Sede.*

A Axencia terá a súa sede institucional na cidade de Madrid.

CAPÍTULO II

Obxecto e competencias

Artigo 8. *Obxecto da Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria.*

A Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria, dentro do ámbito de competencias correspondentes ao Estado, e de acordo coa autorización da disposición adicional terceira da Lei 28/2006, do 18 de xullo, ten por obxecto a detección, análise e avaliación dos riscos de seguridade no transporte por ferrocarril. No ámbito da competencia estatal, exercerá as funcións de autoridade responsable da seguridade ferroviaria, tal e como se establece na Lei 39/2003, do 17 de novembro, e, en particular, a ordenación, inspección e supervisión da seguridade de todos os elementos do sistema ferroviario, en relación tanto coas infraestruturas, o material rodante, o persoal ferroviario, como coa operación ferroviaria. Así mesmo, levará a cabo as funcións relacionadas coa interoperabilidade do sistema ferroviario de competencia estatal. Tamén lle corresponderá o outorgamento, suspensión e a revogación de licenzas ás empresas ferroviarias.

Artigo 9. *Competencias.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria exercerá, como autoridade responsable da seguridade ferroviaria, as seguintes competencias:

- a) Velar polo mantemento xeral da seguridade na circulación sobre a rede ferroviaria de interese xeral mediante a supervisión do cumprimento das obrigas dos diferentes actores nesta materia.
- b) Autorizar a entrada en servizo dos subsistemas estruturais que constitúen o sistema ferroviario, así como comprobar que manteñen os seus requisitos.
- c) Supervisar o cumprimento dos requisitos esenciais por parte dos compoñentes de interoperabilidade.
- d) Autorizar a posta en servizo de vehículos.
- e) Expedir, renovar, modificar ou revogar os certificados de seguridade das empresas ferroviarias, así como supervisalos posteriormente.
- f) Expedir, renovar, modificar ou revogar as autorizacións de seguridade dos administradores de infraestrutura, así como supervisalas posteriormente.
- g) Propoñer, elaborar e desenvolver o marco normativo de seguridade e supervisar o seu cumprimento por parte dos axentes do sistema ferroviario, así como formular propostas, directrices e recomendacións normativas, incluídas as especificacións técnicas dos subsistemas ferroviarios.

h) Realizar o seguimento dos obxectivos e dos niveis de seguridade a través dos indicadores e estatísticas de accidentalidade, así como elaborar informes en materia de seguridade do transporte ferroviario.

i) Organizar e xestionar o Rexistro Especial Ferroviario, así como supervisar a debida inscrición do persoal ferroviario e da matriculación do material rodante e dos inventarios, estatísticas e bases de datos relacionados coa seguridade do transporte ferroviario, incluídos os inventarios de infraestruturas.

j) Conceder a homologación e, de ser o caso, suspendela e revogala, dos centros de formación e centros de recoñecemento psicofísico do persoal ferroviario.

k) Conceder a homologación e, de ser o caso, suspendela e revogala, dos centros de mantemento, así como a certificación das entidades encargadas de mantemento.

l) Exercer as competencias do Ministerio de Fomento en materia de persoal ferroviario e, en particular, outorgar, renovar, suspender e revogar as licenzas e os títulos de condución de persoal ferroviario, así como, propoñer o contido das probas de obtención de títulos habilitantes do persoal ferroviario, aprobar os contidos mínimos dos programas de formación para a obtención das habilitacións e as condicións de capacidade psicofísica para a certificación de valoración de aptitude persoal.

m) Asistir e participar nos grupos de traballo da Axencia Europea Ferroviaria e noutras organizacións nacionais e internacionais relacionadas coa seguridade ou interoperabilidade do transporte ferroviario.

n) Exercer as competencias do Ministerio de Fomento en materia de transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril.

o) Exercer as competencias que corresponden ao Ministerio de Fomento en relación coa defensa do dominio público ferroviario e coa modificación da liña límite da edificación, sen prexuízo das competencias que lle correspondan ao administrador de infraestruturas ferroviarias.

p) Exercer a potestade sancionadora en materia de seguridade ferroviaria.

q) Todas aquelas funcións que se lle asignen, especialmente en materia de seguridade ferroviaria.

2. Á Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria correspóndelle tamén o outorgamento, a suspensión e a revogación de licenzas ás empresas ferroviarias, así como das habilitacións doutros candidatos distintos destas, incluíndo a elaboración e iniciativa dos proxectos normativos en relación coa solicitude e documentación xustificativa das licenzas.

3. A Axencia prestará asistencia técnica e colaborará co Ministerio de Fomento no exercicio das súas competencias ferroviarias.

4. As competencias a que se refiren os números 1 e 2 non se poderán transferir nin subcontratar a ningún administrador da infraestructura, empresa ferroviaria ou entidade adxudicadora.

Artigo 10. *Exercicio da potestade sancionadora e adopción de medidas extraordinarias.*

1. Os procedementos sancionadores polas infraccións administrativas en materia de seguridade ferroviaria tipificadas na Lei 39/2003, do 17 de novembro, iniciaranse sempre de oficio por acordo do director da Axencia, ben por propia iniciativa, ben como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou denuncia.

Correspóndelle ao Consello Reitor a competencia para a imposición das sancións moi graves e correspóndelle ao director da Axencia a competencia para a imposición das sancións graves e leves, correspondentes a estas infraccións, previstas na Lei 39/2003, do 17 de xullo.

2. A instrución dos procedementos sancionadores derivados das infraccións en materia de seguridade ferroviaria tipificados na Lei 39/2003, do 17 de novembro, corresponderalles ás subdireccións da Axencia que teñan atribuída a competencia substantiva sobre esta materia en coordinación coa división de administración.

CAPÍTULO III

Xestión transparente por obxectivosArtigo 11. *O contrato de xestión.*

1. A Axencia elaborará a proposta de contrato de xestión plurianual co contido e dentro dos prazos previstos nos artigos 13 e 14 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, para a súa aprobación por orde conxunta dos ministros de Fomento e de Facenda e Administracións Públicas.

2. A actuación da Axencia prodúcese de acordo cun plan de acción anual, baixo a vixencia e de acordo co contrato plurianual de xestión pertinente.

3. O contrato de xestión da Axencia terá unha vixencia de catro anos.

4. O contrato de xestión comprenderá, como mínimo e para o período da súa vixencia, o contido seguinte:

a) Os obxectivos que se perseguen e os plans necesarios para alcanzar os obxectivos, con especificación dos marcos temporais correspondentes e dos proxectos asociados a cada unha das estratexias, e os seus prazos temporais.

b) Os resultados que se queren obter, así como os indicadores para avaliar os resultados obtidos.

c) O marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos, comprensivo da determinación de necesidades de persoal durante a vixencia do contrato e da previsión máxima de persoal.

d) Os recursos persoais, materiais e orzamentarios que cómpre achegar para a consecución dos obxectivos, establecendo o seu escenario plurianual.

e) Os efectos asociados ao grao de cumprimento dos obxectivos establecidos en canto aos seguintes aspectos:

– Os criterios para a exigencia de responsabilidade pola xestión do persoal directivo e executivo.

– O montante de masa salarial destinada ao complemento de produtividade ou concepto equivalente para o persoal laboral.

f) O procedemento que se debe seguir para a cobertura dos déficits anuais que, de ser o caso, se poidan producir por insuficiencia dos ingresos reais respecto aos estimados e as consecuencias de responsabilidade na xestión que, de ser o caso, deban seguirse de tales déficits.

g) O procedemento para a introdución das modificacións ou adaptacións anuais que, de ser o caso, procedan.

5. O presidente da Axencia, dando conta ao Consello Reitor, presentará a proposta do contrato de xestión ao Ministerio de Fomento e ao de Facenda e Administracións Públicas, antes do 1 de setembro do último ano de vixencia do contrato anterior.

Antes do 30 de maio do mesmo ano, o Consello Reitor aprobará a proposta inicial do novo contrato e os orzamentos xerais do Estado poden prever unha dotación condicionada á efectiva formalización deste.

6. A aprobación do contrato de xestión ten lugar por orde conxunta dos ministerios de Fomento e de Facenda e Administracións Públicas nun prazo máximo de tres meses contados desde a súa presentación.

7. En caso de non se aprobar o contrato de xestión nos prazos previstos neste artigo, manterá a súa vixencia o contrato de xestión anterior, para o cal o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas incluírá nos orzamentos xerais do Estado do exercicio seguinte unha dotación condicionada á aprobación do contrato sobre a base da proposta inicial aprobada polo Consello Reitor de acordo co número 5 deste artigo.

8. O presidente informará o Ministerio de Fomento e o de Facenda e Administracións Públicas sobre a execución e o cumprimento dos obxectivos da Axencia fixados no contrato de xestión plurianual.

Artigo 12. *O plan de acción anual, o informe de actividade e as contas anuais.*

1. O director propoñeralle ao Consello Reitor para a súa aprobación:
 - a) O plan de acción anual, sobre a base dos recursos dispoñibles, antes do día 1 de febreiro de cada ano.
 - b) O informe xeral de actividade correspondente ao ano inmediatamente anterior, con anterioridade ao 30 de xuño do ano en curso.
 - c) As contas anuais acompañadas do informe de auditoría de contas, con anterioridade ao 30 de xuño do ano en curso.
2. Os documentos a que se refire este artigo son públicos, e os cidadáns poden acceder ao seu contido desde a súa aprobación, excepto aqueles aspectos que poidan comprometer a seguridade ferroviaria.
3. Para garantir o libre acceso ao contido destes documentos, serán publicados na páxina da internet da Axencia.
4. A Axencia, a través do Ministerio de Fomento, remitirá anualmente ás Cortes Xerais o informe xeral de actividade aprobado polo Consello Reitor, relativo ás tarefas da Axencia e ao grao de cumprimento dos seus obxectivos.

CAPÍTULO IV

Organización

Artigo 13. *Órganos da Axencia.*

A Axencia estrutúrase en órganos de goberno, de control, executivos e operativos:

- a) Os órganos de goberno da Axencia son o presidente e o Consello Reitor.
- b) A Comisión de Control é o órgano de control da Axencia.
- c) O órgano executivo da Axencia é o director.
- d) Os órganos operativos son a Subdirección Xeral de Infraestrutura, a Subdirección Xeral de Coordinación da Seguridade Ferroviaria e a División de Administración.

Sección 1.^a Órganos de goberno

Artigo 14. *O presidente.*

O presidente da Axencia será o titular da Secretaría Xeral de Infraestruturas.

Artigo 15. *Funcións do presidente.*

O presidente exerce a representación do Consello Reitor, dirixe e preside as súas reunións e exercerá, ademais, as seguintes funcións:

- a) Exercer a máxima representación da Axencia tanto a nivel institucional como internacional.
- b) Propoñerlle ao Consello Reitor o nomeamento ou a separación do director da Axencia e dos membros da Comisión de Control.
- c) Delegar competencias de sinatura ou designar suplente no exercicio das súas funcións a favor do director da Axencia ou dos órganos operativos da Axencia, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, así como conferir poderes xerais ou especiais a persoa ou persoas determinadas.
- d) Representar a Axencia nas actuacións relativas aos seus bens e dereitos patrimoniais; poderá delegar esta función de forma expresa noutros órganos ou funcionarios desta, dando conta ao Consello Reitor.

e) Presentarlle ao Consello Reitor a proposta de contrato de xestión plurianual, con carácter previo á súa aprobación por parte dos ministros de Fomento e de Facenda e Administracións Públicas.

f) Informar os ministerios de Fomento e de Facenda e Administracións Públicas acerca da execución e do cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión.

g) Render as contas anuais ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral do Estado, de acordo coa normativa orzamentaria.

h) Comparecer ante o Congreso dos Deputados e o Senado, por requirimento destes, co fin de informar acerca do desenvolvemento do contrato de xestión e demais aspectos da xestión da Axencia, e remitir ás Cortes Xerais ou ás comisións parlamentarias que correspondan, a través do ministro de Fomento, o informe xeral de actividade aprobado polo Consello Reitor, relativo ás tarefas da Axencia e ao grao de cumprimento dos seus obxectivos.

i) Desempeñar cantas outras funcións se lle atribúan por norma legal ou regulamentaria.

j) Todas as demais competencias que lle correspondan como presidente dun órgano colexiado segundo o disposto no artigo 23 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 16. *Composición do Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor é o órgano de goberno colexiado da Axencia.

2. O Pleno do Consello Reitor estará integrado polo presidente da Axencia, que o será tamén do Consello, os conselleiros e o secretario.

3. O director da Axencia é membro nato do Consello Reitor. Os demais conselleiros serán nomeados e separados polo ministro de Fomento, e serán designados da maneira seguinte:

a) Catro serán designados polo titular do Ministerio de Fomento entre funcionarios, con rango mínimo de director xeral, e profesionais independentes con experiencia no ámbito do sector ferroviario ou da xestión pública.

b) Dous serán designados polo titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, con rango mínimo de director xeral.

c) Un será designado polo titular do Ministerio de Economía e Competitividade, con rango mínimo de director xeral.

d) Un será designado polo titular do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, con rango mínimo de director xeral.

4. O secretario forma parte do Consello Reitor e asistirá ás súas sesións con voz pero sen voto.

5. Os membros do Consello Reitor gardarán o debido sixilo respecto aos asuntos dos cales coñezan como membros do dito órgano.

6. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade do presidente, asumirá a presidencia do Consello Reitor o conselleiro de maior rango dos previstos no número 3 ou, a igualdade de rango, o máis antigo no cargo de conselleiro. En caso de igualdade de rango e de antigüidade, asumirá a presidencia o de maior idade.

7. O réxime retributivo dos máximos responsables e directivos da Axencia quedará suxeito ao disposto no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades.

8. A designación dos membros do Consello Reitor axustarase ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 17. *Funcións do Consello Reitor.*

1. Ao Consello Reitor correspóndenlle, de conformidade co estatuto e de acordo co establecido na lexislación vixente, as seguintes funcións:

- a) O seguimento, a supervisión e o control superiores da actuación da Axencia.
- b) A aprobación da proposta do contrato de xestión plurianual da Axencia, así como a aprobación dos obxectivos e plans de acción anuais, os criterios cuantitativos e cualitativos de medición de cumprimento dos ditos obxectivos e do grao de eficiencia na xestión e a aprobación de políticas de calidade, todo isto no marco do establecido no contrato de xestión.
- c) A aprobación do anteproxecto de orzamento da Axencia.
- d) A proposta ao ministro de Facenda e Administracións Públicas, por iniciativa do director da Axencia, das variacións da contía global do orzamento e as que afecten gastos de persoal, de acordo co artigo 27.3.a) da Lei 28/2006, do 18 de xullo.
- e) O nomeamento do director da Axencia, o control da súa xestión e a exixencia das responsabilidades que procedan.
- f) A aprobación do informe xeral de actividade correspondente ao ano anterior, e de cantos extraordinarios considere necesarios sobre a xestión, valorando os resultados obtidos e consignando as deficiencias observadas.
- g) A aprobación das contas anuais da Axencia e do informe de xestión e a aplicación de resultados, por proposta do director.
- h) A determinación dos criterios de selección do persoal da Axencia.
- i) A aprobación do cadro de persoal laboral e da relación de postos de traballo da Axencia e a elaboración da oferta anual de emprego da Axencia para a súa inclusión na oferta de emprego público estatal, de acordo co establecido no contrato de xestión.
- j) O nomeamento e cesamento, por proposta do director, dos titulares dos órganos da Axencia e do resto de persoal directivo.
- k) A determinación, por proposta do director, dos criterios e das porcentaxes aplicables á retribución como incentivo de rendemento que percibe o persoal directivo da Axencia, no marco do establecido no contrato de xestión.
- l) A aprobación das normas internas de funcionamento, desenvolvemento orgánico e de adopción de acordos do propio Consello Reitor e da Axencia no non previsto neste estatuto, de acordo co marco de actuación fixado no contrato de xestión.
- m) O exercicio das accións e os recursos que correspondan á entidade en defensa dos seus intereses ante as administracións públicas e os órganos xudiciais de calquera orde ou xurisdición, sen prexuízo do disposto no artigo 20 c) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- n) A autorización das operacións de crédito e demais operacións de endebedamento que poida convir a Axencia de acordo co presente estatuto.
- o) A aprobación, por proposta do director e logo de autorización do Ministerio de Fomento, da contía dos prezos e demais ingresos non tributarios que a Axencia estea autorizada a cobrar.
- p) O acordo da creación ou da participación da Axencia no capital social de toda clase de sociedades mercantís ou fundacións que estean relacionadas coas súas actividades, de acordo co previsto no artigo 39.
- q) A aprobación dos acordos, pactos e convenios que considere convenientes ou necesarios para a realización dos fins da Axencia.
- r) O acordo do arrendamento e adquisición de bens inmoables e a constitución de dereitos reais, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- s) A aprobación do inventario de bens e dereitos de conformidade co establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.
- t) A declaración de innecesiedade dos bens e dereitos adscritos á Axencia que resulten innecesarios para o cumprimento dos seus fins, propoñendo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a súa desafectación e, en caso de seren

desafectados, o seu alleamento conforme o prescrito na Lei 33/2003, do 3 de novembro. Os alleamentos de contía superior a 20.000.000 euros deberán ser autorizados polo Consello de Ministros, por proposta do Ministerio Facenda e Administracións Públicas.

u) As demais que se lle atribúan na Lei 28/2006, do 18 de xullo, neste estatuto ou noutras disposicións.

2. O Consello Reitor poderá acordar a constitución de grupos de traballo compostos por expertos independentes, para o estudo e informe daqueles asuntos que determine. O acordo de constitución determinará o alcance, a duración e a composición dos ditos grupos, así como as condicións de retribución dos membros, se é o caso.

Artigo 18. *Convocatoria e quórum do Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor reunirse, logo de convocatoria do presidente e por iniciativa súa ou por petición, polo menos, da metade dos conselleiros, tantas veces como sexa necesario para o desenvolvemento das funcións da Axencia e, polo menos, seis veces ao ano.

2. A convocatoria do Consello Reitor será cursada polo secretario por escrito polo menos con corenta e oito horas de antelación, e nela recollerase a orde do día dos asuntos que se van tratar.

3. Para a válida constitución do Consello Reitor, ademais do presidente e do secretario ou dos que os substitúan, deberán estar presentes ou representados, en primeira convocatoria, a metade dos conselleiros e, en segunda convocatoria, a terceira parte destes. Entre a primeira e segunda convocatoria deberá transcorrer, polo menos, o prazo dunha hora.

4. Poderán asistir ás sesións do Consello Reitor, con voz pero sen voto, todas aquelas persoas que sexan convocadas polo seu presidente, en calidade de expertos das materias incluídas na orde do día.

5. O funcionamento do Consello Reitor axustarase ao establecido na Lei 28/2006, do 18 de xullo, e, no non previsto nela, ao réxime previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, para os órganos colexiados.

Artigo 19. *Adopción de acordos.*

Os acordos do Consello Reitor tomaranse por maioría de votos dos seus membros, presentes ou representados. En caso de empate, o presidente terá voto de calidade.

Artigo 20. *O secretario.*

O Consello Reitor designará e separará, por proposta do presidente, un secretario que será designado entre o persoal que preste servizos na Axencia. Ao secretario corresponderanlle as funcións a que fai referencia o artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Sección 2.^a Órgano de control

Artigo 21. *Comisión de Control.*

1. A Comisión de Control é o órgano de control da Axencia. A Comisión estará composta polos seguintes membros:

- a) Tres vogais, elixidos polo Consello Reitor entre os seus membros.
- b) Un presidente, elixido polos vogais da Comisión, entre os seus membros.
- c) Un secretario, que será o do Consello Reitor.

2. Os membros da Comisión de Control non deberán desempeñar responsabilidades de xestión na Axencia.

3. O interventor delegado na Axencia poderá asistir ás reunións da Comisión de Control con voz pero sen voto.

Artigo 22. Funcións da Comisión de Control.

Correspóndelle á Comisión de Control informar o Consello Reitor sobre a execución do contrato de xestión e, en xeral, sobre todos aqueles aspectos relativos á xestión económico-financeira que deba coñecer o propio Consello, para o cal deberá:

- a) Elaborar para o Consello Reitor, coa periodicidade que este decida, e polo menos unha vez ao semestre, informes sobre o desenvolvemento e execución do contrato de xestión.
- b) Supervisar o procedemento e os sistemas de elaboración da información de xestión e financeira que se someterá ao Consello Reitor.
- c) Revisar as contas anuais que se deben someter ao Consello Reitor de acordo coa normativa aplicable.
- d) Verificar o cumprimento das normas e dos prazos relativos tanto á rendición de contas anuais e demais información que deban render pola súa pertenza ao sector público como ás establecidas no contrato de xestión.
- e) Vixiar o cumprimento das normas orzamentarias na elaboración do orzamento, así como na súa execución, a través do control do estado de execución orzamentaria mensualmente remitido á Comisión de Control.
- f) Analizar todos os informes de control da xestión económico-financeira emitidos polos órganos a que se refire o artigo 48 do Estatuto e propoñerlle ao Consello Reitor as estratexias encamiñadas a corrixir as debilidades que se poidan poñer de manifesto.
- g) Colaborar na formulación dun marco normalizado, sinxelo e claro de comunicación da información financeira e de xestión que periodicamente debe presentar este ao Consello Reitor, para a avaliación periódica do nivel de cumprimento do contrato de xestión.

Artigo 23. Funcionamento da Comisión de Control.

1. A Comisión de Control reunirse, como mínimo, catro veces ao ano e sempre que o seu presidente o considere conveniente.
2. O funcionamento e réxime aplicable á Comisión de Control axustarase ao réxime previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, para os órganos colexiados.

Sección 3.^a Órganos executivos e operativos

Artigo 24. O director da Axencia.

1. O director é o órgano executivo da Axencia e o responsable da dirección e xestión ordinaria desta.
2. O director da Axencia será nomeado polo Consello Reitor por proposta do presidente entre titulados superiores, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia. O director da Axencia terá a consideración de alto cargo para efectos do disposto na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación de conflitos de intereses dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado e as súas disposicións de desenvolvemento, así como para efectos retributivos, de acordo co disposto na materia nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 25. *Funcións do director da Axencia.*

1. Como órgano executivo da Axencia, correspóndenlle ao director as funcións seguintes:

- a) Levar a cabo a dirección e xestión ordinaria da Axencia, velando pola consecución dos obxectivos fixados no contrato de xestión e conforme as directrices de actuación que fixe o Ministerio de Fomento como ministerio de adscrición.
- b) Elaborar o proxecto de contrato de xestión.
- c) Presentarlle ao Consello Reitor, para a súa aprobación, os plans de acción anuais e o informe xeral de actividade do ano anterior.
- d) Formular as contas anuais da Axencia e propoñer a súa aprobación ao Consello Reitor.
- e) Elaborar o anteproxecto de orzamentos anuais.
- f) Executar o orzamento da Axencia.
- g) Exercer a iniciativa para a autorización de variacións orzamentarias polo ministro de Facenda e Administracións Públicas, ou autorizar as variacións orzamentarias, segundo o disposto no artigo 27.3 da Lei 28/2006, do 18 de xullo.
- h) Organizar, supervisar, liquidar e controlar a aplicación dos prezos públicos, taxas e tarifas que estea autorizada a cobrar e xestionar a Axencia, co fin de lograr unha xestión eficaz e responsable.
- i) Exercer a xefatura superior de todo o persoal da Axencia e a potestade disciplinaria mediante a resolución dos expedientes disciplinarios.
- j) Exercer funcións de control interno da Axencia.
- k) Prover os postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario e laboral da Axencia mediante a resolución das convocatorias de postos de traballo de persoal funcionario e contratando o persoal laboral.
- l) Elaborar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo da Axencia dentro do marco de actuación en materia de recursos humanos que se estableza no contrato de xestión, e propoñer a súa aprobación ao Consello Reitor.
- m) Elaborar a previsión de necesidades de persoal que se debe incorporar na oferta anual de emprego da Axencia.
- n) Propoñer ao Consello Reitor o nomeamento e cesamento dos órganos e do resto de persoal directivo.
- o) Aprobar e comprometer gastos, así como recoñecer e pagar obrigas, dando conta ao Consello Reitor.
- p) Aprobar os incrementos de gasto financiados con remanente de crédito do exercicio anterior, nos termos que establece o artigo 27.4 da Lei 28/2006, do 18 de xullo.
- q) Exercer as competencias en materia patrimonial correspondentes á Axencia, sen prexuízo das atribuídas ao Consello Reitor.
- r) Elaborar o inventario de bens e dereitos da Axencia para a súa aprobación anual polo Consello Reitor.
- s) Resolver sobre aquelas cuestións que afecten simultaneamente varias direccións operativas.
- t) Impulsar a adecuada coordinación con todos os axentes do sector ferroviario dentro do ámbito das súas competencias.
- u) O exercicio das competencias a que se refire o artigo 9 do estatuto e calquera outra función en materias de competencia da Axencia que non fosen atribuídas expresamente a outro órgano.
- v) Desempeñar as demais facultades e funcións que lle atribúa o Estatuto e calquera outra norma aplicable, así como as que lle deleguen, de ser o caso, o presidente ou o Consello Reitor.

2. Poderán ser obxecto de delegación nos órganos operativos da Axencia as competencias que correspondan ao director, salvo as previstas nas alíneas a), c), d), g), i), j), l), n), p) e s) e aquelas que por disposición legal ou pola súa propia natureza non sexan susceptibles de delegación.

3. Así mesmo, o director da Axencia poderá avocar para si o coñecemento daqueles asuntos cuxa resolución lles corresponda, ordinariamente ou por delegación, aos seus órganos administrativos dependentes, de acordo co previsto pola Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. No exercicio das súas competencias, o director da Axencia poderá acordar a constitución de grupos de traballo para o estudo e informe daqueles asuntos que determine. O acordo de constitución determinará o alcance, a duración e a composición dos ditos grupos.

5. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o titular da Dirección da Axencia será substituído polos titulares dos órganos operativos enumerados no artigo 26.1 do presente estatuto, na orde en que alí figuran.

Artigo 26. *Órganos operativos.*

1. Os órganos operativos da Axencia serán os seguintes:

a) Subdirección Xeral de Infraestruturas, encargada do exercicio das funcións relacionadas coa emisión de autorizacións de seguridade de administradores de infraestrutura e a súa posterior supervisión, así como con todo o relacionado coa infraestrutura e equipamentos fixos. En concreto, realizará as funcións relativas ás alíneas a), b), c), f), g), h) e p) do artigo 9.1, no ámbito das súas funcións.

b) Subdirección Xeral de Coordinación da Seguridade Ferroviaria, encargada do exercicio das funcións relacionadas coa emisión de licenzas e certificados de seguridade de empresas ferroviarias e a súa posterior supervisión, habilitacións a candidatos distintos de empresas ferroviarias, así como con todo o relacionado con material rodante, o seu mantemento e o persoal ferroviario e os seus centros asociados.

Así mesmo, será a encargada do seguimento global da seguridade do sistema ferroviario, a través dos informes de seguridade e da avaliación dos indicadores de seguridade. Así mesmo, realizará as funcións da Axencia relativas á operación ferroviaria e aos sistemas de seguridade. Realizará propostas de regulación en materia de seguridade ferroviaria e coordinará o desenvolvemento dos procedementos de funcionamento técnico, así como a representación externa da Axencia. Tamén será responsable da xestión do Rexistro Especial Ferroviario e da tramitación de procedementos en materia de mercadorías perigosas. En concreto, realizará as funcións previstas nas alíneas a), c), d), e), g), h), i), j), k), l), m), n) e p) do artigo 9.1, no ámbito das súas competencias e, de ser o caso, en cooperación coa Subdirección de Infraestruturas, e do artigo 9.2.

2. Ademais, a Axencia terá unha división de administración, directamente dependente do seu director, que desenvolverá tarefas de apoio á Dirección e ao Consello Reitor, así como as funcións de xestión que lle sexan encomendadas.

Artigo 27. *Desenvolvemento da estrutura.*

O Consello Reitor poderá desenvolver e delimitar as funcións e competencias das unidades organizativas con rango inferior aos órganos contidos neste estatuto, sempre de acordo co establecido nel e no contrato de xestión.

CAPÍTULO V

Réxime de persoal

Artigo 28. *Principios xerais.*

1. O persoal da Axencia estará integrado por persoal funcionario e laboral. O persoal funcionario réxese pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público, e demais normativa reguladora dos funcionarios públicos da Administración xeral

do Estado. O persoal laboral réxese polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e polo resto da normativa laboral. Así mesmo, ao persoal da Axencia seranlle de aplicación as especialidades previstas na Lei 28/2006, do 18 de xullo, e neste estatuto.

2. Os postos de traballo poderán ser provistos, segundo os distintos procedementos que figuran nos artigos 19, 20 e 23 da Lei 28/2006, do 18 de xullo, por persoal da Administración xeral do Estado ou, de ser o caso, doutras administracións públicas, cando así se preveña nas correspondentes relacións de traballo.

Artigo 29. *Incompatibilidades.*

O persoal da Axencia estará suxeito ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 30. *Procedemento de selección.*

1. No período previsto no contrato de xestión, a Axencia determinará as súas necesidades de persoal de novo ingreso que se cubrirán mediante probas selectivas. Aprobado o contrato de xestión, a previsión de necesidades de persoal incorporárase á proposta de oferta anual de emprego da Axencia, que se integrará na oferta de emprego público da Administración xeral do Estado, de conformidade co que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. O persoal laboral ao servizo da Axencia será seleccionado mediante órganos de selección propios, baseándose nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, así como de acceso ao emprego público das persoas con discapacidade, de acordo coas previsións do convenio colectivo que lle sexa de aplicación.

3. Para a selección do persoal funcionario, as convocatorias efectuaráas o ministerio ao cal se encontren adscritos os corpos ou escalas correspondentes ou, excepcionalmente, a propia Axencia mediante a subscripción do correspondente convenio co Ministerio de Fomento cando se trate de corpos ou escalas adscritos ao dito ministerio.

Artigo 31. *Ordenación de postos de traballo.*

A Axencia dispoñerá do seu propio cadro de persoal e relación de postos de traballo, aprobados polo Consello Reitor, dentro do marco de actuación que, en materia de recursos humanos, se estableza no contrato de xestión.

Con carácter xeral, os postos de traballo serán desempeñados por persoal funcionario de carreira. Así mesmo, as relacións de postos de traballo indicarán os postos que, de ser o caso, tamén poderán ser desempeñados por persoal laboral. En todo caso, a relación de postos de traballo terá en conta o establecido no artigo 9.2 do Estatuto básico do empregado público.

Artigo 32. *Provisión de postos de traballo.*

A Axencia elaborará, convocará e resolverá as correspondentes convocatorias de provisión de postos de traballo de persoal funcionario, de conformidade cos principios xerais e procedementos de provisión establecidos na normativa de función pública da Administración xeral do Estado.

Artigo 33. *Réxime retributivo.*

1. Os conceptos retributivos do persoal funcionario e da Axencia son os establecidos na normativa de función pública da Administración xeral do Estado, e as súas contías determinaranse no marco correspondente do contrato de xestión, de conformidade co establecido na dita normativa e nas leis de orzamentos xerais do Estado.

2. As condicións retributivas do persoal laboral determinaranse en función do convenio colectivo de aplicación e do respectivo contrato de traballo, e as súas contías fixaranse de acordo co establecido no contrato de xestión.

3. A contía da masa salarial destinada ao complemento de produtividade, ou concepto equivalente do persoal laboral, está en todo caso vinculada ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión, de acordo co procedemento que se determine nel.

4. Mediante o establecemento e a aplicación dun sistema de avaliación do desempeño, o persoal da Axencia poderá percibir unha parte das súas retribucións como retribución variable, asociada á súa contribución aos obxectivos a que fai referencia o parágrafo anterior, sen que en ningún caso se poida superar a contía da masa determinada segundo o procedemento que dispoña o contrato de xestión.

Artigo 34. *Persoal directivo.*

1. Considérase persoal directivo o que desenvolve funcións directivas profesionais mediante a ocupación de postos de traballo de especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das tarefas asignadas.

2. O persoal directivo da Axencia está constituído polos titulares das subdireccións xerais e da división.

3. O persoal directivo da Axencia é nomeado e apartado polo Consello Reitor, por proposta do director, entre funcionarios de carreira de calquera das administracións públicas pertencentes a corpos ou escalas incluídos no subgrupo A1, atendendo aos criterios de competencia profesional e experiencia, así como ao establecido no artigo 23.2 da Lei 28/2006, do 18 de xullo.

4. O proceso de selección poderá ser realizado por órganos especializados de selección de persoal, que formularán proposta motivada, incluíndo tres candidatos para cada posto que se vai cubrir; deberanse respectar en todo o proceso os principios de mérito, capacidade e publicidade.

5. O persoal directivo está suxeito, no desenvolvemento das súas funcións, a avaliación de acordo cos criterios de eficacia, eficiencia e cumprimento da legalidade, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que lle fosen fixados.

6. O persoal directivo percibirá unha parte da súa retribución como incentivo de rendemento, mediante o complemento correspondente que valore o cumprimento dos obxectivos fixados, de acordo cos criterios e coas porcentaxes que estableza o Consello Reitor, por proposta do director, no marco do establecido no contrato de xestión.

CAPÍTULO VI

Réxime patrimonial, financeiro e contratación

Sección 1.^a Patrimonio e contratación

Artigo 35. *Réxime patrimonial.*

1. A Axencia ten, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio, distinto do da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens e dereitos dos que é titular. Así mesmo, quedarán adscritos á Axencia para o cumprimento dos seus fins os bens de patrimonio do Estado de calquera titularidade que así se acorde.

2. A xestión e a administración dos bens e dereitos propios, así como daqueles do patrimonio do Estado que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins, será exercidas de acordo co sinalado no estatuto, con suxeición en todo caso ao establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 36. *Réxime xurídico dos bens propios.*

A Axencia pode adquirir toda clase de bens e dereitos por calquera dos modos admitidos no ordenamento xurídico.

A adquisición de bens inmoables ou de dereitos sobre estes requirirá o informe previo favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Artigo 37. *Réxime xurídico dos bens adscritos.*

A adscrición e desadscrición de bens por parte da Administración xeral do Estado rexeranse pola lexislación reguladora do patrimonio das administracións públicas. Estes bens conservan a cualificación e a titularidade xurídica orixinaria e correspóndenlle á Axencia o exercicio das competencias demaniais, así como a vixilancia, protección xurídica, defensa, administración, conservación, mantemento e demais actuacións que requira o correcto uso e utilización deles e cantas prerrogativas referentes ao dominio público e aos bens patrimoniais do Estado se encontren legalmente establecidas.

Artigo 38. *Inventario.*

A Axencia, a través do seu director, formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto propios como adscritos, con excepción dos de carácter funxible, na forma establecida na Lei 33/2003, do 3 de novembro. O inventario actualizarase anualmente con referencia ao 31 de decembro e someterase á aprobación do Consello Reitor no primeiro trimestre do exercicio seguinte.

Artigo 39. *Participación ou creación de sociedades e fundacións.*

1. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Axencia poderá crear ou participar en sociedades mercantís ou fundacións cuxo obxecto sexa acorde cos obxectivos da Axencia.

2. A aprobación da proposta de participación deberá ser aprobada polo Consello Reitor e, de ser o caso, deberase someter á autorización prevista no artigo 169 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, ou no artigo 45 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, segundo se trate de sociedades mercantís estatais ou de fundacións do sector público estatal.

Artigo 40. *Contratación.*

1. A Axencia axustará a súa actividade contractual ás normas que rexen a contratación nas administracións públicas.

2. O director será o órgano de contratación da Axencia, e poderá delegar a celebración de contratos no xefe da División de Administración.

Sección 2.ª Medios económico-financeiros

Artigo 41. *Financiamento.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria financiarase cos seguintes recursos:

- a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- b) Os ingresos propios que perciba como contraprestación polas actividades que poida realizar, en virtude de contratos, convenios, encomendas ou disposición legal, para outras entidades públicas, privadas ou persoas físicas.
- c) O alleamento de bens móbiles e valores que constitúen o seu patrimonio.
- d) Os rendementos dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio.
- e) Os ingresos obtidos pola liquidación de prezos públicos e tarifas derivados da realización das súas actividades, así como os provenientes de taxas afectadas á Axencia.

f) O produto das sancións que se recaden en aplicación da Lei 39/2003, do 17 de novembro, no ámbito das competencias propias da Axencia.

g) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas e legados, subvencións e outras achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.

h) As achegas que se concedan ao seu favor procedentes de fondos específicos da Unión Europea, doutras administracións públicas e de calquera ente público.

i) Os ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.

j) Os demais ingresos de dereito público ou privado que estea autorizada a percibir.

2. Os recursos que deriven das alíneas b), g) e i) do punto anterior e que non estean recollidos inicialmente no orzamento da Axencia poderanse destinar, mediante resolución do director, a financiar maiores gastos, con excepción do previsto no artigo 43.3 respecto dos gastos de persoal.

3. A Axencia poderá utilizar, para a efectividade dos seus créditos, con natureza de ingresos de dereito público e a través dos seus propios servizos o procedemento administrativo de constrinximento.

Así mesmo, poderá convir coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a xestión recadatoria dos ditos ingresos na forma prevista no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

4. A Axencia asume a xestión e a recadación dos ingresos de dereito público que teña afectados e, en particular, a xestión e a recadación en período voluntario das taxas por prestación de servizos e a realización de actividades da súa competencia establecidas na Lei 39/2003, do 17 de novembro, de conformidade co establecido no marco da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e demais disposicións aplicables.

Así mesmo, correspóndenlle á Axencia a xestión e a recadación dos ingresos por sancións derivados de infraccións da lexislación ferroviaria cuxa competencia teña atribuída.

Para estes efectos resultará de aplicación o establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento, así como na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

5. Na medida en que a Axencia teña capacidade para xerar recursos propios suficientes, esta poderá financiarse mediante a obtención de préstamos concedidos con cargo aos créditos previstos no capítulo VIII dos orzamentos xerais do Estado, adxudicados de acordo con procedementos de concorrencia pública, destinados a financiar proxectos de investigación e desenvolvemento.

Artigo 42. *Endebedamento.*

A Axencia non poderá recorrer ao endebedamento salvo no caso de desfases temporais de tesouraría, en que a Axencia poderá recorrer á contratación de pólizas de crédito ou préstamo sempre que o saldo vivo non supere o cinco por cento do seu orzamento.

CAPÍTULO VII

Xestión económica e control

Artigo 43. *Réxime orzamentario.*

1. O Consello Reitor aprobará anualmente o seu anteproxecto de orzamento e remitirao, a través do Ministerio de Fomento, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, conforme o disposto no contrato de xestión e o previsto neste artigo.

2. A estrutura do orzamento da Axencia será establecida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, así como a documentación que se lle debe xuntar.

3. O orzamento de gastos da Axencia terá carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, con excepción dos correspondentes a gastos de persoal, que, en todo caso, teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total.

4. Os remanentes de crédito que resulten da liquidación do exercicio orzamentario non afectados ao financiamento do orzamento do exercicio seguinte poderán aplicarse ao orzamento de ingresos e destinarse a financiar incrementos de gasto, tendo en conta o previsto no punto anterior, por acordo do director do cal se dará conta á Comisión de Control. O déficit derivado do incumprimento das estimacións de ingresos anuais compénsase na forma que se preveña no contrato de xestión.

5. As modificacións orzamentarias corresponderán:

a) Ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, as variacións da contía global do orzamento e as que afecten gastos de persoal, por iniciativa do director e por proposta do Consello Reitor, salvo as previstas na alínea seguinte.

b) Ao director corresponderanlle as restantes variacións, incluso na contía global cando sexan financiadas con recursos derivados do artigo 41.2 por riba dos inicialmente orzados e existan garantías suficientes da súa efectividade, do cal dará conta inmediata á Comisión de Control, así como á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, para a súa toma de razón.

Artigo 44. *Execución do orzamento.*

A execución do orzamento da Axencia correspóndelle ao director, que remitirá mensualmente á Comisión de Control un estado de execución orzamentaria.

Artigo 45. *Exercicio económico.*

O exercicio económico computarase por períodos anuais, comezando o día 1 de xaneiro de cada ano.

Artigo 46. *Réxime contable e de información económica.*

1. A Axencia deberá aplicar os principios contables públicos previstos no artigo 122 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, así como o desenvolvemento dos principios e normas establecidos no Plan xeral de contabilidade pública, coa finalidade de asegurar o adecuado reflexo das operacións, os custos e os resultados da súa actividade, así como de facilitar datos e información con transcendencia económica.

2. Os criterios de aplicación da normativa contable da Axencia corresponden á Intervención Xeral do Estado nos termos establecidos pola lexislación orzamentaria.

3. A Axencia dispoñerá:

a) Dun sistema de información económica que:

(i) Amose, a través de estados e informes, a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento.

(ii) Proporcione información de custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

b) Dun sistema de contabilidade de xestión que permita efectuar o seguimento do cumprimento dos compromisos asumidos no contrato de xestión.

4. A Axencia observará os requirimentos funcionais e, se é o caso os procedementos informáticos que, para o efecto, estableza a Intervención Xeral do Estado de acordo co disposto no artigo 125 da Lei 47/2003, do 26 de novembro.

Artigo 47. *Contas anuais.*

1. As contas anuais da Axencia formularaaas o director no prazo de tres meses desde o peche do exercicio económico. Unha vez auditadas as contas por parte Intervención Xeral da Administración do Estado, someteranse á aprobación do Consello Reitor antes do 30 de xuño do ano seguinte ao cal se refiran.

2. As contas aprobadas polo Consello Reitor renderanse ao Tribunal de Contas a través da Intervención Xeral da Administración do Estado. A remisión á Intervención Xeral realizarase dentro dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico.

Artigo 48. *Modalidades de control.*

1. O control externo da xestión económico-financeira da Axencia correspóndelle ao Tribunal de Contas, de acordo coa súa normativa específica.

2. O control interno da xestión económico-financeira da Axencia correspóndelle á Intervención Xeral da Administración do Estado e realizarase baixo as modalidades de control financeiro permanente e de auditoría pública, nas condicións e nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro. O control financeiro permanente será realizado pola Intervención Delegada na Axencia, baixo a dependencia orgánica e funcional da Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. Sen prexuízo do control establecido no punto anterior, a Axencia estará sometida a un control de eficacia que será exercido, mediante o seguimento do contrato de xestión, polo Ministerio de Fomento. Este control ten por finalidade comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos e a adecuada utilización dos recursos asignados.